



## RECOMENDACIÓNS SANITARIAS A ESTABLECER NOS CENTROS EDUCATIVOS DURANTE AS XORNADAS PRESENCIAIS E NOS PROCEDIMENTOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.

Por acordo do CECOP do 5 de maio (D.O.G do 6 de maio de 2020) establecéronse instrucións sobre presenza nos centros educativos para prestar atención aos procesos de admisión e outros procedementos que afectan á comunidade educativa, especialmente ao colectivo de nais e pais.

A falta dun protocolo único de protección sanitaria, adoptado para o conxunto do Estado español, que especificamente analice as medidas sanitarias no sistema educativo, faise preciso con carácter provisional adoptar unha serie de recomendacións de cara á atención ao público, nas xornadas de traballo presencial, en sintonía coas existentes para outros colectivos da comunidade autónoma.

### *1) Niveis de risco:*

Exposición de risco: aquelas situacións laborais nas que se pode producir un contacto estreito cun caso probable ou confirmado de infección por coronavirus, sintomático.

Exposición de baixo risco: aquelas situacións laborais nas que a relación que se poida ter cun caso probable ou confirmado, non inclúe contacto estreito.

Baixa probabilidade de exposición: traballadores que non teñen atención directa ao público ou, se a teñen, se produce a máis de dous metros de distancia (distancia de seguridade), ou dispoñen de medidas de protección colectiva que evitan o contacto (mamparas, mobiliario con altura suficiente para que sirva de barreira física, etc.).

Considérase como exposición de baixo risco e baixa probabilidade de exposición ao virus para as que non é necesario o uso de EPI (equipos de protección individual), as tarefas de atención ao público nas que se garantan 2 ou máis metros de separación ou se contén con medidas de protección colectiva que eviten o contacto.



Por «contacto estreito» de casos posibles, probables ou confirmados enténdese:

- Calquera persoa que proporcionase coidados mentres o caso presentaba síntomas: traballadores sanitarios que non utilizaron as medidas de protección adecuadas, membros familiares ou persoas que teñan outro tipo de contacto físico similar.
- Convivintes, familiares e persoas que estivesen no mesmo lugar que un caso mentres o caso presentaba síntomas a unha distancia menor de 2 metros durante un tempo de polo menos 15 minutos.

## *2) Organización do traballo*

Deberase organizar o traballo de tal modo que se evite o contacto entre persoas ou, de non ser posible, se reduza a súa frecuencia, respectando, en todo caso, a distancia de seguridade. Deste modo, empregarase de xeito ordinario o teléfono e o correo electrónico entre o persoal e a cidadanía no centro educativo.

Para a atención á cidadanía poderanse utilizar mecanismos de organización de presenzas, como a cita previa, sempre que se garanta a recepción de solicitudes ou atención ao público no horario habitual do centro.

## *3) Son medidas de protección colectiva as seguintes:*

- Dispoñer de produtos de hixiene que permitan, tanto aos empregados públicos coma aos usuarios dos espazos de atención ao público, realizar unha adecuada hixiene das mans.
- Establecer distancias mínimas de seguridade de polo menos dous metros, tanto nos accesos como nos espazos de atención ao público, para evitar a acumulación de persoas nas zonas de acceso, espera e atención ao público.
- Nas mesas, mostradores e despachos de atención ao público, establecerase unha distancia mínima de 2 metros entre o usuario e o persoal, agás que se habiliten elementos de



protección colectiva no posto no que se realiza a atención ao público (mamparas, mobiliario con altura suficiente para que sirva de barreira física, etc.).

A estes efectos diante de todos mostradores, mesas, despachos ou ventanillas de atención ao público colocárase un obstáculo fixo (mesa, moblaxe ou banda a unha distancia non inferior de 1,70 metros da cara exterior do mostrador mentres que no interior do mostrador establecerase calquera medida de protección que lembre que a distancia do persoal non debe ser inferior a 0,50 metros da cara interior do mostrador.

- Intensificar as actuacións de limpeza e desinfección das zonas comúns e, especialmente, dos postos de traballo e das zonas ou superficies que se tocan con máis frecuencia (pasamáns, ascensores, aseos, pomos das portas,...)
- Ventiláranse de forma frecuente as estancias coa apertura de ventás ou portas, evitando as correntes de aire.

#### 4) Medidas de protección individual

- Extremar as medidas de hixiene respiratoria, como ao tusir cubrir a boca cun pano desbotable ou contra o brazo co cóbado flexionado. Igualmente, evítase tocar os ollos, o nariz ou a boca.
- Manter unha adecuada e frecuente hixiene de mans como medida principal de prevención e control da infección. Esta hixiene farase con auga e xabón antiséptico ou solución hidroalcohólica. Facilitárase, en todo momento, o acceso aos aseos para lavar as mans con auga e xabón.
- Gardárase en todo momento a distancia de seguridade co demais persoal, tanto na prestación do traballo como na entrada e saída ao posto, así como nos tempos de descanso.
- Extremárase a orde no posto de traballo, solicitando a limpeza e desinfección do posto, se fose necesario.



- Os equipos de traballo (ordenador, rato, mesa, teléfono e material de oficina) deberán ser usados só pola persoa titular do posto e, de non ser posible, desinfectaranse adecuadamente antes de ser empregados por outra persoa.
- Os usuarios dos espazos de atención ao público non poderán empregar os equipos informáticos, material de oficina ou outros obxectos dos empregados públicos.
- No tratamento da documentación presentada pola cidadanía prestarase unha especial atención ao lavado de mans, preferibelmente cunha solución hidroalcolica antes e despois de cada contacto coa mesma. Na medida do posible a documentación será escaneada para o seu arquivo nos sistemas informáticos do centro con fin de minimizar o contacto coa documentación física presentada que deberá ser depositada nun espazo illado doutra documentación do centro durante polo menos 3 días.
- Aínda que se considera pouco recomendable pola falsa seguridade que pode transmitir, no caso de uso de luvas tras tratar a documentación presentada débense lavar os mesmos cunha solución hidroalcolica.

#### *5) Dispensas de asistencia*

No que se refire ao persoal que presente algún tipo de enfermidade ou afección que implique a súa consideración como grupo vulnerable, estarase ao disposto na Guía de actuación preventiva ante o coronavirus no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG número 74, de 17 de abril) aprobada polo Cecop na súa reunión do 14 de abril de 2020, mentres duren as medidas de contención do COVID-19.

Tal e como se indica na referida guía, o persoal que se inclúe coma grupo vulnerable é o que presenta algunha das seguintes dolencias ou situacións persoais: enfermidade cardiovascular/HTA; diabetes, enfermidade pulmonar crónica, inmunodeficiencia; cancro en tratamento activo, maiores de 60 anos ou embarazo.



Previo o informe da dirección do centro e, unha vez acreditada a imposibilidade de realizar a adaptación do posto de traballo ou a dotación das proteccións necesarias no seu posto de traballo, o servizo sanitario do servizo de prevención de riscos laborais determinará a consideración do persoal como especialmente sensible e non terá que reincorporarse.

#### *6) Gastos de funcionamento*

As direccións dos centros educativos realizarán as compras precisas de material con cargo aos gastos de funcionamento do centro educativo para dar cobertura as necesidades das presentes recomendacións.

#### *7) Protocolos en materia de limpeza*

Con respecto as medidas que debe adoptar o persoal de limpeza respecto da manipulación de produtos de limpeza estarase aos protocolos existentes no sector e as recomendación de uso dos produtos que recomende o fabricante.

Con respecto as tarefas concretas de desinfección estarase ao disposto no punto cuarto acordo do CECOP do 5 de maio.